

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Proceder á aprobación e pagamento de facturas do exercicio anterior na maior brevedade, así como proceder a modificar a Ordenanza fiscal que regula o Prezo Público da Gardería Infantil»
Data	24 de marzo de 2020
Duración	Desde as 13:07 ata as 13:30 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	NON
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
██████████	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
██████████	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
██████████	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
██████████	SUSANA CAMBA CASTRO	NON
██████████	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 783/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/2020

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 12 En contra: 0 Abstencións: 7 Ausentes: 0
------------------	--

Para explicar o asunto ao que se refire este punto, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda **D. Alberto Blanco Carracedo**, o cal explica que o que se propón é aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2020 que inclúe a relación de contas nº 5/2020 comprensiva de facturas do exercicio 2019 non pagadas nese ano, ademais de indemnizacións a Concelleiros/as por asistencias a órganos colexiados durante o mes de decembro de 2019, todo elo acompañados de informes da Intervención emitindo reparos suspensivos, polo que se deberá adoptar en primeiro lugar o acordo de levantamento de reparo, xustificándose en que se tratan de servizos ou traballos prestados e que o non pagamento suporía un enriquecemento inxusto da administración; aclarando que esta proposta xa foi ditaminada na Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**,

Concello da Estrada





manifestando que entende que este expediente extraxudicial de crédito debe ser aprobado, xa que todos os provedores teñen dereito a cobrar os servizos ou subministros prestados, pero considera inaudito que inclúa un informe emitindo reparo suspensivo. Lembra que o seu grupo leva meses insistindo para que se elaboren os Orzamentos 2020 e, a semana pasada, o grupo de goberno anunciou a merca do edificio do antigo INEM apurando a xestión do correspondente expediente, en lugar de centrar todos os seus esforzos na elaboración e aprobación do Orzamento para o presente exercicio, entendendo que, debido a situación actual, é necesario avanzar na súa tramitación para acadar un funcionamento normal dos servizos municipais. A pesares de todo, di que o seu grupo non vai a ser un obstáculo para que a proposta que se presenta sexa aprobada, manifestando que o seu grupo vaise a abster na votación, sabendo que os votos a favor do grupo de goberno serán suficientes para sacar adiante este expediente extraxudicial, e así deixar clara que a incompetencia e abandono do grupo de goberno non deben de pagala os provedores do Concello.

Intervén a voceira do Grupo municipal de Movete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que o seu grupo se vai a abster na votación porque, aínda que está a favor de que se lle aboe aos provedores o que se lle debe, non está de acordo nas formas, ao abeiro do sinalado no informe emitido pola Intervención municipal, algo que se repite ano tras ano, xa que o que debería ser un caso extraordinario convértese nunha práctica habitual do grupo de goberno, pagando facturas con reparos suspensivos e previo levantamento dese reparo.

Continúa dicindo que non entende o por que hai facturas nese expediente que levan meses atrasadas no seu pagamento e que afectan ás Escolas Deportivas municipais, pero como se tratan de servizos realmente prestados, o seu grupo non vai a estar en contra dos seus pagamentos, pero non comparte a forma.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular (12) e as abstencións dos grupos do Partido Socialista e Móvete (7), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Memoria do Concelleiro delegado de Facenda, asinada con data 06/03/2020, pola que propón a instrución de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para a imputación ao Orzamento corrente dos gastos levados a cabo no exercicio anterior e non imputados no seu momento.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 06/03/2020, de orde de incoación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2020

Vista a relación de contas nº 5/2020 (recoñecemento extraxudicial de crédito) por un importe líquido de 526.367,73 € (exp. 831/2020).

Vista a liquidación dos Sres/Sras Concelleiros/as por asistencias a órganos colexiados durante o ano 2019 (exp. 242/2020), e non abonadas en dito exercicio.

Visto, que con data 06/03/2020, emítese informe pola Intervención municipal, formulando reparo suspensivo ao pagamento dos gastos incluídos no nomeado expediente por causa de inexistencia de crédito adecuado e suficiente.

Vista a documentación que consta no expediente nº 783/2020.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 06/03/2020, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 11/03/2020.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe, xustificándose en que se tratan de servizos e subministros efectivamente prestados a este Concello e o non pagamento dos mesmos suporía un





enriquecemento inxusto da administración.

Segundo.- Aprobar e proceder posteriormente ao pagamento dos gastos incluídos no expediente número 1/2020 de recoñecemento extraxudicial de créditos por un total de 535.240,49 euros a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se detallan de seguido:

- Relación de facturas nº 5/2020 (Expediente 831/2020) por un importe líquido de 526.369,73 euros, asinada con data 06/03/2020 pola Intervención municipal.
- Liquidacións dos/das Sres./Sras. Concelleiros/as por asistencia a órganos colexiados durante o exercicio 2019 por un total de 8.870,76 euros (Expediente 242/2020, aplicación presupostaria 912.233.00, documento contable "RC" 2020000189), co seguinte detalle:
 - Apelidos e nome; total asistencia; importes; Retención IRPF
 - Blanco Casais, M^a del Mar; 14; 1.009,68 €; 2% | Camba Castro, Susana; 5; 360,60 €; 2% | Carracedo Durán, Patricia; 6; 432,72 €; 28% | Durán Barros, Oscar A.; 15; 1.081,80 €; 12% | Durán Lea, M^a del Carmen; 6; 432,72 €; 5% | Figueiras Rey, Alfonso; 5; 360,60 €; 2% | González Barcia, Juan C.; 4; 288,48 €; 26% | Lago Durán, Amalia; 5; 360,60 €; 20% | López Bueno, Luis; 8; 576,96 €; 2% | Louzao Vieites, Belén; 6; 432,72 €; 24% | Pais Carbia, María A.; 14; 1.009,68 €; 15% | Pena Villamor, Ismael; 8; 576,96 €; 20% | Rancaño Brañanova, Miguel O.; 7; 504,84 €; 4% | Rendo Araújo, Luis; 6; 432,72 €; 25% | Sanmartín Eirín, Iván Manuel; 3; 216,36 €; 2% | Seoane Rosende, Lucía; 11; 793,32 €; 22%.

Expediente 909/2020. DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para dar conta deste asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, explicando que o que se propón é a modificación do Anexo I da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, gardería infantís e outros establecementos de natureza análoga, afectando ao prezo público polas Escolas Infantís. Quere advertir da necesidade de corrixir un erro detectado na proposta e no Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, de xeitos que:

Onde di:

“2. Establécese unha bonificación do 100 por cento na matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as das unidades familiares que contén cun mínimo de dous”

Debe dicir:

“2. Establécese unha bonificación do 100 por cento das cantidades correspondentes á atención educativa nos supostos de matriculación do segundo/a fillo/a e sucesivos/as das

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 74E52C4KAXPEPM C3HQH7C9D2 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



unidades familiares que contén cun mínimo de dous”.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación deste proposta coa corrección apreciada polo Concelleiro delegado de Facenda, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción do grupo municipal do Partido Socialista, presentada o 21/02/2020 (2020-E-RCIB-1), para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, gardería infantís e outros establecementos de natureza análoga.

Vista a Providencia da Alcaldía de incoación de expediente, asinada con data 02/03/2020.

Visto que a Disposición adicional novena da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na redacción dada polo artigo 23 da Lei de Galicia 7/2019 do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, faculta ás entidades locais titulares de escolas infantís de 0-3 anos para establecer unha bonificación do 100 por cento na matriculación do segundo fillo ou filla da unidade familiar, e sucesivos, sempre que aquelas teñan implantado un sistema de copago en contía equivalente á derivada do réxime de prezos das escolas infantís de titularidade autonómica.

Visto que, a partires do acordo plenario do 11 de maio de 2017, o Concello da Estrada ten adaptados os prezos públicos da escola infantil municipal ao réxime dos prezos públicos das escolas infantís 0-3 de titularidade autonómica.

Vista a Memoria económica financeira elaborada polo TAX do departamento de Intervención con data 07/03/2020, onde se pon de manifesto a insuficiencia do prezo público para cubrir os custos do servizo.

Visto o informe da Directora da Escola Infantil municipal de 09/03/2020.

Visto o informe emitido o 09/03/2020 pola Intervención, que fai referencia ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de 09/03/2020.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, acadado en sesión do 11/03/2020.

E, de conformidade coa normativa de aplicación, e atendendo ás razóns sociais e de interese público de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral concorrentes na bonificación amparada pola dita disposición legal,

ACORDAMOS:

Modificar o apartado I do Anexo do acordo regulador do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, que queda como segue:

“ANEXO:

I. Escola infantil municipal

1. As contías dos prezos públicos da escola infantil municipal serán as aprobadas e publicadas no Diario Oficial de Galicia para rexer en cada curso escolar nas escolas infantís 0-3 dependentes da consellería competente en materia de familia e infancia.

2. Establécese unha bonificación do 100 por cento das cantidades correspondentes á atención educativa nos supostos de matriculación do segundo/a fillo/a e sucesivos/as das unidades familiares que contén cun mínimo de dous.

3. Sobre as cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos:

- O 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa. Enténdese por familia numerosa, aquela que reúna as condicións*

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 74E52C4KAXPEPM C3HQH7C9D2 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

- O 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza na escola infantil 0-3, que deberán xustificarse documentalmente de non coincidir coas existentes na data de devengo do I.R.P.F. correspondente á declaración achegada.

4. Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

5. Suspensión temporal da cota.

- 1. Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:
 - a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.
 - b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por tempo superior a quince días naturais.
 - En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.
- 2. Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota do servizo de comedor cando, por causa debidamente xustificada, a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.
- A solicitude de suspensión da cota deste servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o órgano competente, que resolverá sobre a procedencia da exención. No suposto de reincorporación, o pagamento da mensualidade que corresponda realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Se o órgano competente acordase a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.”

Disposición final: A bonificación establecida no parágrafo 2 do Anexo I aplicarase con efectos do primeiro día do mes seguinte á entrada en vigor da presente modificación.

Finalmente, levántase á sesión sendo as trece horas trece minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

